

DOMINGO XX ORDINARIO (A)

PRIMEIRA LECTURA **Is 56, 1. 6-7**

Lectura do libro do profeta Isaías

Así fala o Señor:

Cumpride o dereito e practicade a xustiza, que a miña salvación está próxima a chegar e a miña xustiza (está próxima) a mostrarse.

E ós fillos de estranxeiro que se apegan ó Señor, servindo e amando o Nome do Señor, sendo os seus servos, a todo o que garde o sábado sen profanalo e ós que se manteñan firmes na miña Alianza, traereinos ó meu monte santo e alegrareinos na miña casa de oración.

Os seus holocaustos e os seus sacrificios servirán de ofrenda de amor sobre o meu altar.

Palabra do Señor

SALMO RESPONSORIAL **Sal 66, 2-3. 5. 6 e 8**

R/. (4): **Lóente os pobos, oh Deus, lóente tódolos pobos.**

Deus teña piedade de nós e nos bendiga,
faga brilla-lo seu rostro sobre nós.
Que se coñeza na terra o teu camiño,
en tódolas nacións a túa salvación.

Alégrense e canten as nacións,
porque xúlga-los pobos rectamente
e na terra gobierna-las nacións.

Lóente os pobos, oh Deus,
lóente tódolos pobos.
Que nos bendiga Deus e que o teman
os confins todos do mundo.

SEGUNDA LECTURA Rm 11, 13-15. 29-32

Lectura da carta do Apóstolo San Paulo ós Romanos

Irmáns:

Isto dígovolo a vós, os xentís. E, como apóstolo que son dos xentís, fago gala deste ministerio, por ver se esperto celos nos da miña estirpe e podo así salvar a algúns deles.

Se o seu rexeitamento serviu de reconciliación para o mundo, ¿que será a súa acollida, senón a vida, que xorde dos mortos?

Pois os dons e a chamada de Deus son irrevocabes. Pois do mesmo xeito que vós fostes noutrora desobedientes a Deus, e agora conseguíste-la misericordia pola desobediencia deles, así tamén eles agora non creron, para que, con ocasión da misericordia usada convosco, tamén eles acaden misericordia.

Porque Deus encerrou a tódolos homes na desobediencia, para se compadecer de todos.

Palabra do Señor

EVANXEO Mt 15, 21-28

Lectura do Santo Evanxeo segundo Mateo

Naquel tempo, saíndo de alí, foi Xesús para a comarca de Tiro e Sidón. E apareceu unha muller cananea daqueles contornos, que berraba:

- Compadécete de min, Señor, Fillo de David: a miña filla está atormentada por un demo.

Pero el non respondeu palabra. Achegándosele os seus discípulos, rogábanlle:

- Despídea, que vén berrando detrás de nós.

El contestoulles:

- Non fun enviado máis que ás ovellas extraviadas da casa de Israel. Pero ela alcanzounos e, prostrándose, suplicoulle:

- ¡Señor, váleme!

El respondeulle:

- Non é ben quitárle-lo pan ós fillos para llelo botar ós cadelos.

Pero ela contestou:

- Non é, Señor, non; pero tamén os cadelos comen das faragullas que caen da mesa dos seus amos.

Entón respondeulle Xesús:

- ¡Muller, a túa fe é ben grande: fágase, logo, como desexas! E a súa filla ficou sa naquela hora.

Palabra do Señor